
AS CATRO ESTACIÓNS. VIVALDI

Texto de JOSÉ ANTONIO ABAD VARELA

Ilustracións de EMILIO URBERUAGA

Música interpretada por SARAH CHANG

Encadernado en cartón. 24,5 x 21,5 cm. 48 páx. Contén CD. 23 €

[As catro estacións](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-786-7. Libro-disco.

[Las cuatro estaciones](#) (castelán)

ISBN 978-84-8464-784-3. Libro-disco.

[Les quatre saisons](#) (catalán)

ISBN 978-84-15170-14-3. Libre-disc.

[As quatro estações](#) (portugués)

ISBN 978-989-8205-75-9. Livro-CD.

O esquíu estaba marabillado. Correu dun lado para outro no céspede mol, gabeou polas árbores rozándose cos gromos e, dende o máis alto, chamou os demais esquíos:



«Saíde, axiña, chegou a primavera»...

“As catro estacións”, de Antonio Vivaldi (Venecia, 1678-Viena, 1741), é unha das mellores composicións da música barroca.

Precoz mestre de violín, o seu virtuoso creador chegou a compoñer 600 concertos, 100 óperas e numerosas pezas para instrumentos. Inspirándose nesta obra, José Antonio Abad presenta un relato bucólico ambientado nun bosque, onde describe os cambios estacionais: a primavera co seu traxe de flores, o sofocante calor do verán, a chegada do outono cando as árbores lle regalan ao vento a súa follaxe, e a choiva de confeti branco do inverno.

A fauna e a flora, a presenza humana, e o ciclo da natureza marcan o texto literario, que destaca pola súa elegancia formal e pola capacidade para transportar o lector ata ese paraíso imaxinario que Emilio Urberuaga ilustra con cores vivas e intensas, instantes capturados para deleitar a retina. A interpretación de Sarah Chang -co acompañamento da Orpheus Chamber Orchestra- é a banda sonora ideal para vibrar coas emocións e sensacións deste álbum.

A colección Libro-Disco de KALANDRAKA complétase con “Cadros dunha exposición” e “O carnaval dos animais”, con composicións de Mussorgsky e Saint-Saëns, respectivamente, para achegar a música clásica ao público infantil..



-
- **Temática:** o percorrer da natureza ao longo das estacións, con música de Vivaldi.
 - **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
 - **Aspectos destacables:** libro-cd; música clásica; cambios estacionais, natureza; do autor de “[O carnaval dos animais](#)” e “[Cadros dunha exposición](#)”; do ilustrador de “[A árbore da escola](#)” e “[A árbore dos soños](#)” (Kalandraka).
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/as-catro-estacions-g>
-

José Antonio Abad Varela

(A Coruña, 1940)

Psicólogo e pedagogo, especialista en proxectos educativos. Dirixiu o Departamento de Divulgación da Música na Orquestra Sinfónica de Galicia. Organizou o Programa Municipal Descubrir a música do Concello de A Coruña, os Domingos con música do Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa e concertos didácticos en varias cidades.

Emilio Urberuaga

(Madrid, 1954)

Galardoado en 2011 co Premio Nacional de Ilustración pola súa traxectoria artística, que comezou na década de 1980. Dende entón a súa obra está nas principais fundacións e museos do mundo. Creador da imaxe do célebre personaxe ‘Manolito Catrollos’, ilustrou máis de medio cento de libros infantís en varias editoriais.

Sarah Chang

(Filadelfia, 1980)

Recoñecida como unha das mellores violinistas do mundo, dende o seu debut aos 8 anos coa Filarmónica de Nova York, traballou coas principais orquestras, directores e compositores a nivel internacional. A gravación de “As catro estacións”, editado en 2007 polo selo EMI Music, obtivo o eloxio da crítica especializada.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
